

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE REFORZO E MELLORA DA CALIDADE DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN PRIMARIA NO CONCELLO DURANTE O PERÍODO ESTIVAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Sanxenxo, formalizaron o 30/06/23 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos entre o 1 xullo e o 30 de setembro 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto implementar no Concello de Sanxenxo un Programa de reforzo e mellora da calidade dos servizos de Atención Primaria no eido da medicina de familia, tendo en conta os resultados positivos acadados o ano anterior.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

No período estival prodúcese un incremento notable da poboación, que se concentra en determinados puntos costeiros que, como o caso do Concello de Sanxenxo, e polo seu atractivo turístico, pasan a acoller un grande número de visitantes, aos que cómpre prestar os servizos básicos que demandan e lle corresponden legalmente.

Entre eses servizos están os correspondentes ao coidado e atención sanitarios, polo que cómpre dispoñer os mecanismos oportunos para a cobertura desa demanda potencial, especialmente no eido da medicina de familia, de xeito que poida ser atendida sen menoscabo da calidade habitual do Sistema Público e Saúde de Galicia.

Para tal efecto, con data 25 de maio de 2022 asinouse un convenio para a posta en marcha no Concello de Sanxenxo dun programa piloto de reforzo e mellora da calidade dos servizos de Atención Primaria que, no caso de acadar os resultados agardados, podería ser estendido a outras entidades locais que presentan as mesmas necesidades coxunturais ao longo da xeografía da nosa comunidade autónoma.

Tendo en conta os resultados positivos acadados coa implantación do piloto, ambas partes están interesadas en continuar coa colaboración iniciada no ano 2022, co obxecto de implementar o programa durante o presente período estival.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

Maria Estrella Lopez-Pardo Pardo.

